

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS e NOITE DOS MUSEOS - 2014

O Museo celebra o Día Internacional dos Museos (18 de maio), e participa así mesmo no programa europeo “A noite dos museos” o sábado máis próximo a dita data (neste ano 2014 o 17 de maio), con actividades vespertinas e nocturnas tanto no Museo coma no Castro, coa colaboración da súa **Asociación de Amigos** e do **Concello de Castro de Rei**.

PROGRAMA

Venres 16 de maio

Ás 19'30 h. na Sala de Actos do Museo:

- **Actuación de Pepe Penabade co espectáculo: “O Afiador Rodesindo da Barrosa”**
- **Conferencia-concerto en homenaxe a Xosé M^a Díaz Castro, a cargo de Mini e Mero**

Sábado 17 de maio

A partir das 17'30 h., no xardín do Museo:

Demostración de xogos populares a cargo do Club de Bolos O Cadaval de Pacios, e actuación do grupo de música tradicional Os Valuros, de Castro de Rei

No Museo e no Castro:

Actividades de recreación histórica, demostracións e xogos con participación do público, a cargo das asociacións do campamento de Arde Lvcvs, *Caetra Lucensium, Civitas Lucensis, Lugdunum e Terra Copora*

Ás 19 h, na Sala de Actos do Museo:

- **Actuación do Mago Rafa**

A partir das 20'30 h., no xardín do Museo:

Refrixerio con petiscos, bebidas e queimada

Á partir das 22'30 h:

Visita nocturna ao Castro, onde finalizarán as actividades.

N.B.- *Os horarios da Noite dos Museos o sábado 17 de maio indícanse de xeito aproximado. No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitiran as actividades previstas no exterior, faranse uns actos alternativos nas salas e nos pórticos do Museo.*